

Construir a convivencia “glocal” desde a escola

Día Escolar da Paz e da Nonviolencia
30 de xaneiro de 2017

Educadoras/es pola Paz – AGAPPAZ

A onda de frío comezou algo tarde este ano na Galiza, agora a finais de xaneiro. A xente precisa de espazos cálidos e acolledores para protexerse dos elementos e entrar en calor, en corpo e mente. Para moitos/as de nós, eses lugares imprescindíbeis son relativamente doados de atopar, mais para outras persoas, resultan escasos. No Estado español, por exemplo, nada menos que un terzo da poboación con menos de 16 anos de idade vive en situación de pobreza, ou en risco da mesma¹, o cal incide duramente na súa calidade de vida. Esta realidade é preocupante, pero, en ámbitos máis amplos do mundo, danse situacións aínda máis graves, como a dos máis de 65 millóns de persoas forzosamente desprazadas², gran parte delas carecendo, neste mesmo intre, de teito e cama.

Non cabe dúbida que unha das principais causas destes desprazamentos en masa é a guerra. Desde o 2011, só unha das múltiples zonas de combate do mundo –a de Siria– ten empurrado a millóns de persoas a procurar onde vivir noutros países. A maioría acaba en inmensos campamentos precarios de persoas refuxiadas en Líbano, Xordania ou Turquía, pero perto de dous millóns de persoas chegaron tamén a Europa no 2015 e 2016, principalmente á súa costa mediterránea, un 30 por cento delas sendo menores de idade³. Porén, as persoas desprazadas –mulleres, homes, adolescentes, maiores e crianzas– lonxe de seren recibidas “con brazos abertos”, veñen debruzándose contra muros e cercas de arame farpado, axentes armados e portas pechadas. En Europa, quedan pendentes de resolver uns dous millóns de solicitudes de asilo a día de hoxe⁴.

¹ Instituto Nacional de Estadística (INE) (2016). *Encuesta de condiciones de vida (ECV) año 2015: Resultados definitivos (resumo, 24 de maio)*. Madrid: INE.

² ACNUR / UNHCR (2016). *Tendencias globales: desplazamiento forzado en 2015, forzados a huir*. Xenebra: Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refugiados.

³ UNICEF (2015). *Migration of children to Europe*. Xenebra: Global Migration Data Analysis Centre.

⁴ ACNUR / UNHCR (2016).

Nos medios de comunicación, a tónica xeral á hora de representar o calvario destas persoas migrantes vascula entre silenciais (ao non informar); construílas como unha ameaza á seguridade das comunidades acolledoras; ou informar sobre as cifras de persoas mortas no mar. As necesidades e os dereitos humanos das persoas que se ven obrigadas a fuxir, así como as respostas humanitarias e políticas ante esta situación, quedan nun segundo plano⁵. E moitos dos conflitos armados dos que fuxe a xente son produto doutros problemas de fondo, como a distribución non equitativa dos recursos que sustentan a vida, ou dos bens dos que cada ser humano ten dereito de usufructuar.

Por todo iso, un gran desafío ante as comunidades educativas é o de educar en profundidade sobre este estado inxusto das cousas no mundo. Podemos comezar por iniciar uns procesos que Paulo Freire – pedagogo brasileiro tamén desprazado no seu día– denominaba *conscientização*⁶. Consistirían en desenvolver no alumnado a capacidade de analizar criticamente a súa propia realidade local: a medida en que a convivencia cotiá no centro e nos barrios satisfaga os dereitos e necesidades máis básicas da comunidade; os tipos de conflitos que xorden e as súas posibles resolucións; a existencia ou non de orientacións e accións solidarias e sustentábeis; etc., para logo considerar os seus puntos en común con problemas semellantes ao nivel transversal ou global. Pero aínda quedaría un último peldaño neste proceso *glocal* de conscientización: a de actuar en consecuencia co aprendido. De aí a expresión “pensar globalmente, actuar localmente”. Isto podería ser encauzado a través da participación democrática do alumnado na formulación de accións e políticas de resposta na comunidade: campañas de sensibilización; programas de acollida; proxectos internacionais de irmandades entre escolas e cidades; a aprendizaxe-servizo⁷; e moitas máis.

Desde o grupo de traballo Educadoras/es pola Paz – AGAPPAZ, esperamos que o Día Escolar da Paz e da Nonviolencia sirva un ano máis de tempo de reflexión e acción para artellar esta pedagogía transformadora de consciencias e de realidades... para, deste xeito, construímos esas “utopías reais”⁸ que tanto desexamos.

⁵ Lucas, Javier de (2015). *Mediterráneo: el naufragio de Europa*. Valencia: Tirant Humanidades.

⁶ Freire, Paulo (1985). *Pedagogía del oprimido*. Madrid: Siglo XXI.

⁷ Véxase, por exemplo: <https://aprendizajeservicio.net/que-es-el-aps/>.

⁸ Wright, Erik Olin (2010). *Envisioning real utopias*. Londres: Verso.